



Morbadans

No ano 1145 o 29 de Abril un Presbítero chamado Xoán García xunto con Nuño Méndez deron ao Bispo de Tui Dn. Delayo Menéndez a Igrexa de Morgadanes: unha escritura da Catedral da mesma Cidade de Abril de 1149 nomea esta parroquia co de Mogardos: noutra de 1º. de Decembro de 1156 faise mención de Sta. Maria de Morgadanes: en 12 de Agosto de 1196 o Rei Dn. Alonso 9º. de León fixo doazón a Nuño Pérez de todo o realengo de Peratenez en Sn. Miguel de Morgadanes: Dn. fernando 4º. coa súa esposa Da. Constanza no ano de 1297 concederon á Igrexa de Tui o Padroado de Morgadanes: e finalmente o Bispo da mesma Dn. Miguel Muñoz no de 1542 uniu á fábrica da súa Catedral todos os froitos decimais e primicias da presente parroquia. Cuxa escritura de unión poñeremos no Apéndice deste tomo o numº.... Sobre o Santo tutelar ou Patrón de Morgadanes atopamos gran variación no antigo, pois polas escrituras citadas arriba e outras máis xa vemos nomeado de tal a Sta. Maria, e a Sn. Miguel, e actualmente e desde tempo inmemorial sona Santiago Apóstolo o Maior (139), a quen lle fan a festa o 25 de Xullo. Desta variación de santos patróns inferimos con bastante fundamento que as parroquias de Sn. Miguel de Pextieyros e Sta. Maria de Cháin ali inmediatas foron en aquelas antigas idades coñecidas co nome xeral de Morgadanes. Habitan a de quen estamos falando 370 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gobernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Reditúan os seus décimos 25.000 reais que por enteiro leva a fábrica da Catedral de Tui en vista da unión citada arriba con cargo de poñer e dotar aquí ao cura párroco: este ten casa reitoral e igrexario de 8½ ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 12 ferrados de centeo e un cabrito. A fábrica da súa Igrexa cobra 3 ferrados de miúdo e 298 reais con 5 marabedís. Ten ermida principal de Sn. Roque confesor, que foi reedificada 'a cimentis' no ano 1821. Dista de Tui 2 leguas menos cuarto. (ÁVILA Y LA CUEVA, 502-503).



140



Igrexa parroquial (138)

Neste lugar existía unha igrexa xa no ano 1145. A actual rematou de construírse no século XIX.

Ten unha nave e ábsida de planta rectangular cunha sancristía e unha capela adosadas no lado norte.

A ábsida é máis elevada que o resto da edificación.

A nave divídese en catro tramos diferenciados por arcos faixóns apoiados en pilastras.

A bóveda da nave é de pedra en forma de medio canón. Os arcos faixóns que a sosteñen apoian en pilastras sen outra ornamentación.

Na ábsida ten bóveda de aresta apoiada nun arco toral de medio punto.

A bóveda da sancristía tamén é de canón.

A **fachada occidental (140)** presenta unha rúa central que se simula por un dosel que apoia en dúas ménsulas e cobre a porta alintelada.

Nos extremos cérrese por pilastras que se coroan con pináculos.

A porta de entrada ten lintel plano e recercado de xambas, enmochetado e derrame nas caras interiores.

Enriba do dosel da porta unha ventá recercada e con derrame ao exterior, e, seguindo o mesmo eixe da fachada, un reloxo redondo enmarcado pola mesma moldura do remate da fachada.

Remátase cunha cornixa cóncavo-convexa e espadana de dobre corpo cerrada por balaustrada perimetral de granito. No primeiro corpo ten dous ollos de medio punto e molduras. No segundo, un só oco, pináculos a ambos lados e remate en frontón triangular.

Na actualidade ten tres **retablos**.

O **maior (141)** ocupa todo o fondo da ábsida. Na rúa central unha gran caixa con arco de medio punto acolle o Calvario, con Cristo na Cruz e a Dolorosa. Nas laterais, sobre peañas, dúas fermosas imaxes: á dereita o Patrón **Santiago Apóstolo**, sentado e con bordón e libro, e á esquerda a Inmaculada.

Na nave, xunto ao arco triunfal están os outros dous, dispaes entre si: un dedicado ao **Sagrado Corazón (142)** e o outro á **Virxe do Carme (143)**.

141





142



143



144

De todos eles o mellor e o do Sagrado Corazón, que é barroco moi sinxelo, pero con bos estípites.

A imaxinería que hai na igrexa é boa, probablemente de outros retablos xa desaparecidos. Son de destacar, ademais do Patrón, **S. Amaro** (144) e **S. Bieito** (145), hoxe en día na repisa do ático do retablo do Sagrado Corazón, e **S. Pedro** (146).

Ermida de S. Roque (147)

Foi reedificada na súa totalidade no ano 1821, segundo consta na inscrición da clave da fachada.

Á primitiva construción de granito fíxoselle unha ampliación de ladrillo para ampliar a capela maior e facer sancristía.

A **fachada** (148) ten pilastras laterais que se coroa en pináculos.



145



146



147



148



149

A porta, recercada, é de arco rebaixado, formado por tres doelas, destacando a clave.

A ámbolos lados dela, dúas ventás con lintel en arco e pestanas.

Seguindo o eixe da fachada, enriba da porta hai unha ménsula e máis alta unha ventá oval, tamén recercada.

Como remate, sobre moldura voada, espadana sinxela dun ollo con arco de medio punto e molduras, e logo cruz pétrea.

Ten cornixa lineal moldurada.

E zócalo todo o perímetro.

Unha nave de planta rectangular. Prolongación da planta engadida para a capela maior.

Ermida de S. Xosé de Prado

Foi construída por instancia dos veciños no ano 1864.

É dunha nave de planta rectangular á que se lle engadiu pola cara norte un corpo máis baixo para sancristía.

Os muros están recercados e ten un zócalo perimetral.

A **fachada** (149) flanquéase por pilastras nos extremos que se rematan en pináculos.

A porta é alintelada sobre xambas con recercado e moldurado.

Sobre ela, unha ventá rectangular con abucinado ao exterior e recercado.

Remátase en espadana de dobre ollo, con pináculos e cruz central.

Ten un retablo maior en moi mal estado, pero con dúas boas imaxes: **S. Xosé** (150) e a **Virxe da Soidade** (151).

FESTAS E ROMAXES DE MORGADÁNS:

- Santiago Apóstolo: 22 de Xaneiro.

